




PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE CONXUNTO

ÍNDICE

1) Introducción

2) Metodoloxía

3) Atención á diversidade

4) Temas Transversais

4.1 Educación en Valores

4.2 TIC

5) Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

6) Secuenciación

6.1 Obxectivos

6.2 Contidos

7) Avaliación

7.1 Criterios de avaliación

7.2 Mínimos esixibles

7.3 Procedementos de avaliación

7.4 Criterios de cualificación

7.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

7.6 Medidas de recuperación

8) Recursos Didácticos

9) Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

10) Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

11) Probas de acceso a Grao Profesional

12) Criterios para a obtención dos premios fin de grao

13) Rúbricas de avaliación

1. INTRODUCCIÓN

Xustificación

O conxunto instrumental constitúe un espazo de formación de primeira orde para experimentar e aplicar ademais das habilidades adquiridas na clase de instrumento da especialidade, os coñecementos adquiridos en todas as materias.

Dende este punto de vista, o conxunto tamén poderá explorar o repertorio para diversas formacións, de diferentes épocas ou estilos.

Fronte ao carácter individual da ensinanza do instrumento, a clase de conxunto ofrece unha visión equitativa dos diferentes instrumentos, buscando un obxectivo colectivo como a suma das individualidades.

A práctica indistinta de grupo na orquestra, na banda, no coro e, se é o caso, no conxunto correspondente, ten por obxectivo facilitar a participación, mediante diferentes formacións, de todo o alumnado. Por unha banda, esta participación en agrupacións debe permitir que determinados instrumentos con dificultades de integración dispoñan do marco axeitado para a práctica instrumental colectiva; Por outra banda, supón e garante a presenza activa do alumnado nunha das actividades que, xunto co coro, a orquestra ou a banda, implican maior proxección do centro e na sociedade.

As tradicionais asociacións de instrumentos darán paso a un repertorio que alberga unha complexa rede de interrelacións instrumentais sen perder a unidade de criterios e a igualdade de execución, que deberían ser os principais obxectivos a acadar. O alumnado, deberá incrementar a súa actitude de escoita de todo o que rodea a súa propia interpretación individual para acadar aspectos propios de toda boa interpretación no grupo (afinación, homoxeneidade no fraseo, igualdade no ataque, claridade nas texturas, etc.), adquirindo progresivamente unha serie de habilidades e hábitos acordes ao seu papel no grupo.

Marco Legal

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- Instrucións do 31 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial para o curso 2020-2021.

- Orde do 29 de setembro de 2015 pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.

- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.

- Circular 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.

- Orde do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.

- Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.

- Orde do 28 de xullo de 2008, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.

- Orde do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.

- Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.

- Circular 9/2007 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

Outros aspectos da aplicación práctica de esta programación

Para impartir esta materia distribuirase o alumnado en grupos instrumentais ao comezo do curso, e sempre en función das posibilidades en canto a dispoñibilidade de profesorado, espazos do centro e existencia de repertorio adecuado para cada grupo, buscando o maior aproveitamento pedagóxico para o alumnado.

2. METODOLOXÍA

A materia de Conxunto presenta a particularidade de ter na mesma aula a alumnado de cursos diferentes do Grao Profesional, por tanto con diferentes estados evolutivos e niveis instrumentais. Isto debe terse en conta á hora de establecer unha metodoloxía válida e axeitada para cada conxunto, xa que evidentemente, o repertorio a prepararna clase é común a todo o alumnado de cada agrupación.

A clase semanal cun grupo amplo de alumnos permite facer un seguimento colectivo do alumnado tanto no rendemento do conxunto como na progresión do seu estudo individual. Dito seguimento permitirá a adecuación e personalización dos procedementos e actividades a desenvolver en función das necesidades, progreso e capacidades do grupo e os seus integrantes.

A clase consta dunha hora e media semanal. Parte do tempo de clase dedicarase a fomentar hábitos e ferramentas que potencien a autonomía no estudo individual e nos ensaios da formación, tanto nos aspectos técnicos como nos musicais.

Tamén será importante a puntualidade, a necesidade de previsión da preparación dos instrumentos, a súa afinación e a propia adaptación da disposición da aula.

Fomentar o interese e respecto polo seu tempo persoal de estudo, concienciar da importancia da realización das tarefas encomendadas para a casa e establecer uns métodos e hábitos de estudo e ensaio eficientes serán obxectivos prioritarios a desenvolver no alumnado. A potenciación do sentido autocrítico tanto na interpretación como na actitude diante da materia fundamentará a consecución de ditos obxectivos.

A vocación do alumnado é outro factor que non se debe esquecer á hora de adoptar as medidas máis eficientes a aplicar en cada caso. Entre o alumnado de conxunto hai alumnos/as cunha clara orientación cara á dedicación profesional á música e os que se van dedicar a outros estudos superiores. Procurarase en todo momento motivar ao alumnado de cara a un maior rendemento e a reforzar dita vocación nun caso e a potenciar a súa implicación e responsabilidade no outro.

Os principios metodolóxicos xerais da materia son:

- **Principios de actividade e participación:** daremos ao alumnado un papel activo na súa aprendizaxe (investigación, descubrimento guiado, resolución de problemas...), o dos seus compañeiros (ensinanza mutua, traballo en grupos cooperativos...) e a avaliación dos mesmos (auto-avaliación e co-avaliación). Trataremos de facer partícipes da sesión a todo o alumnado en todo momento.

- **Principios de motivación e autoestima:** no comezo e final das sesións procuraremos realizar unha explicación ou reflexión de carácter motivador, que leve aos alumnos/as a unha situación que facilite a súa maior implicación no proceso de ensino–aprendizaxe. Reforzaremos positivamente as actitudes e execucións correctas, evitaremos as que non o sexan mediante comentarios cos que poidan apreciar a súa mellora, desenvolvendo así a súa autoestima.
- **Principios da aprendizaxe significativa:** segundo a concepción construtivista da aprendizaxe partiremos dos coñecementos previos sobre os contidos da materia (avaliación inicial) e as relacións entre eles e os doutras materias (intradisciplinares), téndoos en conta á hora de trazar un camiño (temporalización) e unhas estratexias apropiadas co fin de acadar os obxectivos previstos.
- **Principios de globalización:** o tratamento dos contidos obxecto da aprendizaxe estrutúrase de forma interrelacionada dentro de cada curso (contidos abordados por bloques) e entre os diferentes cursos (tratamento en espiral dos contidos, afondando no seu desenvolvemento respecto aos cursos precedentes respectando así a evolución do alumno/a e a súa aprendizaxe).
- **Principios de personalización e atención á diversidade:** para o deseño desta programación didáctica tívose en conta a heteroxeneidade de cada agrupación–clase. Nesta mesma liña, adaptárase a actuación docente en función dos diferentes ritmos de traballo e aprendizaxe (traballos por grupos de nivel, actividades de reforzo desenvolvidas en paralelo á sesión tipo, actividades de ampliación, uso de estratexias analíticas...).
- **Principios de interacción:** fomentárase a interacción positiva entre todos os participantes do proceso de aprendizaxe: alumno–alumno (traballo en grupo, ensinanza mutua, co-avaliación...), alumno–profesor (debate, descubrimento guiado, análise de resultados, reflexións, reforzos...) e procuraremos a implicación das familias no proceso educativo (titorías).

3. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Será de vital importancia a atención á diversidade do alumnado para adaptarse ás súas necesidades e realizar unha acción educativa eficaz. O xeito de abordar a diversidade é a flexibilidade na programación, que adaptaremos ás necesidades dun alumno/a ou grupo determinado.

A falta de uniformidade no alumnado obriga ao profesorado a deseñar unha serie de estratexias con vistas a chegar a todos e cada un deles. Esta diversidade débese a factores de diversa natureza:

- **De coñecementos**, xa que non todos teñen a mesma formación inicial ou ben algúns están habituados a unha emprega máis cotiá da lectura ao pertencer, por exemplo, a agrupacións musicais coas que ensaia periodicamente. Para eles o profesorado poderá deseñar actividades de ampliación que lles permita practicar ou aumentar os seus coñecementos.
- **De aptitude**, o que afecta á facilidade ante a lectura musical; terase en conta o grao de aptitude do alumnado (detectado trala avaliación inicial), valorando o esforzo dos que menos facilidade mostran, sen que por iso se penalice ás persoas que presentan maiores aptitudes.
- **De actitude**, isto é, de interese, que ten que ser observado pola docencia día a día, a partir das prácticas feitas en cada sesión.

Dependendo das circunstancias que se presenten na aula, o profesor/a poderá propoñer as seguintes estratexias:

- Adaptacións do material didáctico.
- Variacións da metodoloxía.
- Propoñer actividades de traballo alternativas.
- Organizar o traballo de forma flexible.
- Acelerar ou frear o ritmo de introdución de novos contidos.

4. TEMAS TRANSVERSAIS

4.1. EDUCACIÓN EN VALORES

O desenvolvemento integral do alumnado non debe estar limitado á adquisición de conceptos e coñecementos académicos vinculados exclusivamente a cada unha das súas áreas, senón que debe formar aos alumnos/as para integrarse na sociedade actual, sabendo responder de maneira adecuada aos problemas que esta sociedade implica.

Esta formación, que non está definida en ningunha das áreas, debe estar presente na aula de forma permanente, e maniféstase a través do que coñecemos como temas transversais.

A forma na que entendemos o tratamento destes temas transversais fica reflectida nos seguintes obxectivos:

- Educación para a paz.
- Adestrarse para a solución dialogada de conflitos no ámbito escolar.
- Educación moral e cívica.
- Participar en tarefas comúns, mostrando actitudes de colaboración e respecto polas opinións e propostas alleas.
- O respecto pola autonomía dos demais.
- Educación para a igualdade entre os sexos.
- Desenvolver a autoestima e unha concepción do corpo como expresión da personalidade.
- Analizar criticamente a realidade e corrixir prexuizos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, xogos, profesións, etc.
- Educación para a saúde (postural, auditiva).
- Proporcionar un contexto adecuado para realizar unha valoración crítica de determinados hábitos relacionados coa saúde.
- Educación para o consumidor.
- Crear unha conciencia de consumidor responsable que se sitúa criticamente ante o consumismo e a publicidade.
- Educación ambiental

Ao longo do curso o Centro organiza periodicamente actividades nas que todos estes aspectos están moi presentes, falamos de actuacións, intercambios con outros conservatorios, conferencias, cursos...

Desde a música, moitos destes temas poden tratarse proponendo actividades que se desenvolvan en grupo, xa que estas favorecen a comunicación dos alumnos/as e fomentan actitudes de convivencia. Ademais, na música poden tratarse contidos relacionados directamente coa saúde (o uso adecuado do corpo á hora de tocar o instrumento precisa dun coñecemento e coidado do mesmo, especialmente ante problemas habituais na adolescencia). Tratar temas relacionados directamente coa paz (o coñecemento da música doutras culturas aumenta o respecto cara estas, comprendendo que o mundo non é só a música e culturas occidentais, nin as súas visións). Tratar temas relacionados coa educación para o consumidor, onde se pode analizar o mercado musical, os prezos dos CD, o pirateo, a vulneración dos dereitos de propiedade intelectual. Tratar o uso da música nas publicidades, nos grandes almacéns, así como o efecto que pode producir no consumidor, cara quen vai dirixido.

4.2. TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC)

As TIC desenvólvense a partir de avances científicos producidos nos campos da computación e telecomunicacións. As TIC son o conxunto de tecnoloxías que permiten o acceso, a produción, tratamento e comunicación da información presentada en diferentes códigos (texto, imaxe, son, ...).

O elemento máis representativo das novas tecnoloxías é sen dúbida o ordenador, e moito máis concretamente, Internet. Como indican diferentes autores, Internet representa un salto cualitativo de grande magnitude, cambiando e redefinindo as formas de coñecer e relacionarse coas persoas.

A irrupción das tecnoloxías da información e da comunicación na nosa vida cotiá é cada día máis patente. O estudo da música nos conservatorios cingúese, na maioría dos casos, á práctica interpretativa empregando instrumentos tradicionais. Incluso nestas circunstancias, que en principio poden parecer pouco dadas ao uso das TIC, pódense empregar co fin de complementar e facilitar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Podemos facer a seguinte clasificación das TIC de utilidade para o proceso de ensino na materia:

- Medios Audiovisuais: Medios didácticos que con imaxes e gravacións servirannos para comunicar mensaxes específicos.
- Medios en internet: YouTube, concertos accesibles na rede, etc.
- Programas informáticos: Edición de partituras, secuenciadores, programas de gravación, etc.
- Medios para a comunicación: Promover, se se dá o caso, actuacións que poida seguir todo o alumnado.
- Portal do centro para comunicación á comunidade escolar e ao alumnado da materia das actividades programadas, audicións, eventos, etc.

O uso de materiais audiovisuais relacionados coa materia xa non é unha novidade nos tempos que corren, especialmente dende a aparición de plataformas dixitais como YouTube, Vimeo, Spotify, etc. Estas plataformas, e compartir material audiovisual, facilita o seu uso na aula para a exemplificación das posibilidades sonoras e técnicas dos instrumentos e a exploración de diferentes posibilidades interpretativas ante un mesmo texto musical.

Por outro lado a facilidade de xerar dito material con ferramentas cada vez máis accesibles (cámara de vídeo, gravadoras, tabletas, teléfonos, etc.) permite analizar na aula as propias actuacións ou interpretacións e así aportar un maior grado de obxectividade á percepción de si mesmo que ten o alumno/a.

O material en formato electrónico (partituras, textos, etc.) tamén será útil no desenvolvemento das diferentes actividades da materia xa que facilita a rápida distribución do mesmo entre o alumnado así como o seu rápido acceso na aula no caso de dispoñer dos dispositivos correspondentes. As plataformas de almacenamento como Dropbox ou Google Drive permiten compartir espazos de material electrónico para os alumnos/as que poden ser controlados polo profesor/a. Os motores de busca tamén serán de gran utilidade especialmente á hora de recompilar información referente ao propio instrumento, obras, compositores, etc.

O uso de todos os materiais relacionados coas TIC empregados na aula debe respectar en todo momento as leis de distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.

Estas TIC faise necesario regularlas, e seguindo a normativa do noso centro, establecemos o seguinte regulamento:

1. Non se permite o uso de teléfono móbil, así coma calquera outro dispositivo electrónico equiparable dentro das aulas, excepto nos casos en que o profesorado o autorice e sexa con fins didácticos.
2. Non se permite o uso na aula ou fóra dela de ningún programa ou aplicación informática que recolla ou faga uso de calquera dato do alumnado (datos persoais, datos de avaliación e seguimento), agás **CENTROSNET**, e a súas aplicacións para dispositivos móbiles, ou calquera outro establecido e/ou autorizado pola consellería.
3. Poderanse utilizar outros programas ou aplicacións informáticas que non recolla nin faga uso de calquera dato do alumnado (metrónomo, afinador, etc.).
4. Para o uso de calquera outro programa ou aplicación informática do que non se faga mención na programación didáctica correspondente ou recolla ou faga uso dalgún dato de carácter persoal ou referente ao seguimento ou avaliación do alumnado, deberase pedir autorización expresa a cada alumno/a, ou aos seus titores legais, de ser o caso.
5. No caso de que o profesorado ou o alumnado precisen facer uso do móbil ou de calquera outro dispositivo electrónico semellante nas aulas por algún motivo de forza maior e xustificable, deberá pedirse autorización á dirección do Centro.

5. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS

Os alumnos/as participarán nas audicións públicas da materia de Música de Conxunto sempre que teñan o seu repertorio listo para ser presentado ao público. Dada a variedade e abundancia de profesorado que imparte Conxunto, estas actuacións poden realizarse en audicións propias do departamento (unha ou dúas por trimestre) ou dentro de audicións doutras especialidades instrumentais.

Unha actividade pedagóxica moderna non pode quedar reducida ao ámbito da aula, aínda sendo este o espazo central do proceso educativo. Este traballo pode verse complementado por outras tarefas realizadas noutros espazos do propio centro ou doutras entidades colaboradoras.

Estas actividades están orientadas a superar o marco tradicional das clases de instrumento, complementándoas con actividades o máis variadas posibles que poñan en contacto o noso alumnado coa realidade musical nun senso máis amplo, permitíndolles conectar esta realidade coa sociedade e a cultura do noso tempo.

Para que estas actividades teñan o máximo proveito, deben relacionarse co proceso xeral de aprendizaxe.

Fomentarase a asistencia do alumnado a concertos, cursos, clases de reforzo, conferencias, etc., que xurdan tanto dentro coma fóra do centro, sobre todo as relacionadas ou que poidan ser de interese para a materia.

Poderanse organizar desde o departamento un ou varios cursos/clase maxistral ao longo do curso. A asistencia a estes cursos será sempre voluntaria aínda que dado o contido dos mesmos é recomendable.

Clasificación das actividades:

Organizadas polo departamento:

- Audicións da agrupación seguidas de comentarios colectivos do profesorado e alumnado sobre as mesmas. Fomentarase a crítica construtiva. O obxectivo será aprender colectivamente dos erros e das virtudes dos alumnos/as e ao mesmo tempo servirá como exemplo de colaboración entre o profesorado do departamento para compartir ideas e achegar solucións conxuntas aos problemas que tiveron os alumnos/as nas súas actuacións. O departamento pode organizar actividades externas ao centro en colaboración con outras institucións culturais.

Organizadas polo centro:

- Participar en actividades organizadas polo conservatorio, sendo esta unha maneira de dar a coñecer o traballo feito nos ensaios ao tempo que se intentará facer gozar ao auditorio.

Organizadas por entidades culturais do concello:

- Sempre que sexa posible, participar en actos socioculturais promovidos por entidades culturais ou o propio Concello. Será este un xeito de mostrar o traballo levado a cabo dentro do centro, ao tempo que serve de experiencia ao alumnado o traballo en distintos escenarios.

6. SECUENCIACIÓN

A materia de Conxunto abrangue estudantes de diversos cursos e especialidades:

- Especialidades instrumentais agás guitarra e piano: **1º e 2º** de Grao Profesional
- Guitarra, piano e gaita: **1º, 2º, 3º e 4º** de Grao Profesional.

A formación de grupos recolle, polo tanto, unha variedade enorme de combinacións, e na maioría dos casos incluírá alumnos/as de diferentes cursos no mesmo grupo. Por este motivo, esta programación debe entenderse sempre considerando estes aspectos, e a súa aplicación realizarase tendo en conta o nivel instrumental individual do alumnado implicado. Por esta mesma razón, só se contempla a secuenciación dun curso da materia.

6.1. OBXECTIVOS

As ensinanzas de conxunto dos estudos profesionais de música terán como obxectivos contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- a) Afondar no coñecemento dos estilos e dos recursos interpretativos de cada un deles.
- b) Dominar o propio instrumento segundo as esixencias de cada obra.
- c) Respetar as normas que esixe toda actuación en grupo e valorar a interpretación en conxunto como un aspecto fundamental da formación musical.

- d) Aplicar a audición polifónica para escoitar simultaneamente as partes, ao mesmo tempo que se executa a propia, demostrando a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar paulatinamente a calidade sonora.
- e) Utilizar unha gama sonora ampla e variada, de xeito que o son se axuste en función dos demais instrumentos do conxunto e das necesidades interpretativas da obra.
- f) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- g) Desenvolver a capacidade de ler a primeira vista.
- h) Aplicar cunha autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
- i) Coñecer e realizar os xestos básicos que permiten a interpretación coordinada.
- j) Interpretar obras representativas do repertorio do conxunto instrumental de dificultade axeitada ao nivel.

6.2. CONTIDOS

- A unidade sonora: respiración, ataque, vibrato, afinación, articulación, ritmo, fraseo, etc.
- Agónico e dinámico.
- Estudo e práctica dos xestos anacrúsicos para tocar sen dirección.
- Equilibrio sonoro e de planos.
- Control permanente da afinación.
- Desenvolvemento da igualdade de ataques.
- Análise e interpretación de obras do repertorio.
- Práctica de conxunto do grupo correspondente.
- Traballo paulatino do repertorio básico máis salientable do grupo correspondente.
- Valoración do sistema como marco da interpretación.
- Audicións comparadas de interpretacións de conxunto, para analizar de maneira crítica as características das versións.

7. AVALIACIÓN

A avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Utilizaranse pois procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adaptación aos obxectivos e contidos que pretenda avaliar.

Dita avaliación será en todo caso: **obxectiva**, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística; **transparente**, xa que se aplicarán os criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica; e **accesible**, dado que alumnado e familias terán toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza–aprendizaxe.

O profesor/a avaliará ao seu alumnado tendo en conta os obxectivos, os criterios de avaliación e os mínimos esixibles establecidos nesta programación para o seu curso. A avaliación será continua, cualitativa e integradora, e o profesorado valorará de forma constante o progreso dos alumnos/as ao longo de todo o curso, así como as probas realizadas, a súa asistencia e actitude.

Dada a progresividade da materia, a atención personalizada do alumnado na mesma, e a aplicación da avaliación continua, a cualificación en cada trimestre representará a valoración do progreso realizado ata ese momento.

Avaliación Inicial

Nas primeiras semanas do curso, o profesorado realizará unha avaliación inicial para recoller datos sobre o alumnado (características, nivel técnico, coñecementos previos, e datos persoais necesarios). O profesorado presentará unha proposta de repertorio para o curso.

- 7.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN (1º e 2º CURSO de G.P)

- 1) Interpretar obras do repertorio propio da agrupación correspondente. Este criterio pretende avaliar a capacidade de unificar criterios interpretativos entre todos os membros do grupo, e o equilibrio sonoro entre as partes.
- 2) Actuar como responsable do grupo, dirixindo a interpretación colectiva mentres realiza a súa propia parte, se procede. Mediante este criterio preténdese verificar se o alumnado ten un coñecemento global da partitura e sabe utilizar os xestos necesarios da concertación. Ademais, pódense valorar o seus criterios sobre unificación do son, timbre, vibrato, afinación, fraseo, etc.
- 3) Ler a primeira vista unha obra de pouca dificultade na agrupación que corresponda. Este criterio pretende comprobar no alumnado o grado de fluidez na lectura e comprensión da obra.

- 4) Estudar as obras correspondentes ao repertorio programado. Este criterio pretende avaliar o sentido da responsabilidade como membro dun grupo, a valoración que ten o seu papel dentro deste e o respecto pola interpretación musical.
- 5) Interpretar en público obras do repertorio para conxunto. Este criterio serve para comprobar a unificación do fraseo, a precisión rítmica, o equilibrio sonoro, a preparación de cambios dinámicos e de acentuación, así como a adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música interpretada.

- 7.2. MÍNIMOS ESIXIBLES

- Ler a primeira vista con certa fluidez fragmentos adecuados ao nivel do curso.
- Amosar un traballo individual e de conxunto sobre as obras, movementos ou fragmentos do repertorio proposto.
- Amosar capacidade de adaptación ao grupo e reacción ás indicacións durante a interpretación, homoxeneidade na afinación e na articulación durante a interpretación.
- Coñecementos básicos sobre a obra/peza e autor do repertorio proposto.
- Interpretación en clase ou en público dalgunha das obras, pezas ou movementos traballados.

- 7.3. PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

O procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados. O profesor/a valerase das seguintes ferramentas para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento de cada unha das sesións de clase.
- Seguimento do grao de estudo do repertorio na casa.
- Grao de participación e actitude en cada concerto e/ou audición.
- Probas puntuais de nivel, individuais ou en grupo, de calquera fragmento do repertorio a petición do profesor/a, se fose necesario.

Dada a importancia da observación directa e o seguimento continuo do alumnado, dentro das ferramentas de avaliación, o profesorado terá en conta estes aspectos nun caderno de seguimento do

alumnado co fin de proporcionar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das **rúbricas** correspondentes.

A cualificación final da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais axustada ás seguintes porcentaxes: primeiro trimestre **30%**, segundo trimestre **30%** e terceiro trimestre **40%**.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

- 7.4. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A) Traballo de interpretación individual: 40% da cualificación

A.1 Ler a primeira vista pequenos fragmentos do repertorio proposto (**10%**)

A.2 Organización e estudo individual da partitura (**15%**)

A.3 Interpretar a parte individual cunha boa afinación e sonoridade axeitada, seguindo as indicacións de dinámica (**15%**)

B) Traballo de interpretación en grupo: 50% da cualificación

B.1 Adaptación ao grupo en canto a afinación e equilibrio sonoro do conxunto (**10%**)

B.2 Adaptación ao grupo en canto a axuste rítmico e articulación ao estilo adecuado (**10%**)

B.3 Coñecemento e dominio da xestualidade propia da interpretación en grupo con e sen director/a (**10%**)

B.4 Interpretación en audicións e concertos das obras traballadas (**20%**)

C) Coñecementos teóricos: 10% da cualificación

C.1 Coñecementos sobre o autor e o estilo da obra/peza que interpreta na súa agrupación durante a interpretación, mediante comentarios estilísticos, audicións comparadas, ou presentando unha exposición oral ou traballo escrito do repertorio que se está a traballar. (**10%**)

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente.

- 7.5. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

Con carácter excepcional, e de acordo co establecido na lexislación vixente, poderá solicitarse a ampliación de matrícula ao curso seguinte. Para isto seguirase o seguinte procedemento:

- A solicitude de ampliación de matrícula a outro curso académico deberá ser solicitada pola persoa interesada (no caso de maiores de idade. En caso de menores deberá ser solicitada polos tutores legais) a través do Rexistro Xeral do Concello de Ribeira antes do 15 de novembro do curso académico correspondente.
- A comisión de avaliación (formada polo profesorado que imparte materias ao interesado/a) deberá avaliar mediante un exame para cada unha das materias do curso no que estea matriculado. Este exame terá lugar antes de que comece o 2º trimestre do curso.
- A comisión emitirá un informe que será favorable se o/a solicitante acadara unha nota mínima dun 9 en cada un dos mencionados exames.
- O Consello Escolar, á vista dos informes da comisión de avaliación decidirá sobre a ampliación ou non do alumnado proposto.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente.

- 7.6. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

• PROCEDEMENTOS DE RECUPERACIÓN ORDINARIOS

Para os alumnos/as que suspendan algunha das avaliacións parciais do presente curso, realizarase un plan de traballo específico, baseado na programación didáctica da materia, que pode constar de novas actividades de reforzo e de avaliación nos aspectos que precisen de mellora. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos en maior medida nos aspectos non superados en trimestres anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. Así pois, no momento no que o alumno/a supere ao longo do presente curso cada un dos obxectivos mínimos esixidos na avaliación ou avaliacións parciais que tivera pendentes, estas consideraranse superadas.

Para os alumnos/as que teñan a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo máis específico baseado na programación didáctica da materia e nos puntos que necesiten dunha máis grande mellora por parte do alumno/a, e que poderá constar de novas actividades e/ou recursos complementarios, que axuden a reforzar ditos aspectos. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos nos aspectos non superados en cursos anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. No momento no que o alumnado supere cada un dos mínimos esixidos para o curso que figure como pendente, poderase considerar superado o curso pendente correspondente.

- **PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN NOS CASOS EN QUE A AVALIACIÓN CONTINUA NON É POSIBLE**

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor/a da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrito, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno/a será convocado para dita proba cunha semana de antelación, polo menos.

Será o criterio do profesor/a o que determine se un alumno/a **non** pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno/a deberá ser superior ao **50%** das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá no seguinte:

- 1) **Proba de coñecementos teóricos:** proba escrita ou oral no que se demostre o coñecemento das obras traballadas ao longo do curso, dos seus compositores e dos períodos artísticos nos que foron compostas e contribución ao aspecto artístico musical da interpretación. Para valorar esta proba debe presentarse un traballo escrito, unha exposición oral ou facer unha audición comentada.
- 2) **Proba de interpretación individual:** Execución da parte correspondente ao seu instrumento, das obras, movementos ou fragmentos programados para o curso. Lectura a primeira vista dun pequeno fragmento axeitado ao seu nivel de curso.

- 3) **Proba de interpretación dentro da agrupación:** Interpretación dentro da agrupación correspondente, das obras, movementos ou fragmentos programados para o curso.

Os criterios de cualificación da devandita proba serán:

- 1) **Proba de coñecementos teóricos:** Esta parte puntuarase cun **20%** sobre a nota final da proba. Os aspectos a ter en conta na avaliación desta parte serán o coñecemento da obra, do compositor e do período artístico no que foi composta e a contribución ao aspecto artístico musical da interpretación.
- 2) **Proba de Interpretación individual:** Esta parte puntuarase cun **30%** sobre a nota final da proba. Na avaliación desta parte terase en conta o seguinte: Fluidez na lectura a primeira vista, técnica instrumental; afinación, sonoridade e dinámica; corrección rítmica, articulación e fraseo e criterio estético e estilístico.
- 3) **Proba de Interpretación dentro da agrupación:** Esta parte puntuarase cun **50%** sobre a nota final da proba. Na avaliación desta parte terase en conta o seguinte: afinación, empaste sonoro e dinámico; repentización e lectura, corrección rítmica, articulación e fraseo; reacción ás indicacións dos membros do grupo e das indicacións do director/a.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor/a da materia na sesión de avaliación correspondente.

- **PROBA EXTRAORDINARIA DE AVALIACIÓN (para materias con cualificación negativa)**

O alumnado que non teña aprobada a materia durante as avaliacións do curso (avaliación ordinaria de xuño) poderá presentarse á proba extraordinaria de xuño para a recuperación da materia de Conxunto. Nela deberá demostrar o dominio sobre todos os contidos mínimos esixibles do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A proba consistirá en:

- 1) **Proba de coñecementos teóricos:** proba escrita ou oral na que se demostre o coñecemento das obras traballadas ao longo do curso, dos seus compositores e dos períodos artísticos nos que foron compostas e contribución ao aspecto artístico musical da interpretación. Para valorar esta proba debe presentarse un traballo escrito, unha exposición oral ou facer unha audición comentada. Esta parte puntuarase cun **20%** sobre a nota final da proba.
- 2) **Proba de lectura a primeira vista** de obras ou fragmentos correspondentes ao nivel técnico do curso. O valor desta proba será dun **30%** sobre a nota final.
- 3) **Proba de interpretación:** O alumnado interpretará dúas pezas curtas ou dous movementos dunha obra de conxunto do repertorio correspondente á súa especialidade instrumental, preferiblemente a primeira voz ou principal do repertorio elixido.
Os aspectos a ter en conta na avaliación desta parte serán os seguintes: técnica instrumental; afinación, sonoridade e dinámica; repentización e lectura, corrección rítmica, articulación e fraseo.
O valor desta proba será dun **50%** sobre a nota final.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente.

NOTA: Para o curso de 3º e 4º de Grao Profesional (para Guitarra, piano e Gaita) os obxectivos, contidos, criterios de avaliación e cualificación son comúns ao curso de 1º e 2º de Grao Profesional desta materia, o que si cambia, obviamente, é o grao de logro esixido para cada un deles en función do curso ao que se apliquen.

NOTA: A PROGRAMACIÓN DE 5º E 6º DE PROFESIONAL DE CONXUNTO DE GAITA, POR SER UNHA MATERIA EXCLUSIVA DE DITO INSTRUMENTO, SERÁ INCLUÍDA NA PROGRAMACIÓN PROPIA DO INSTRUMENTO.

8. RECURSOS DIDÁCTICOS

O profesorado terá que adaptarse ás agrupacións de conxunto formadas, e en base a iso buscar obras para esas agrupacións. No caso do noso conservatorio non temos alumnado para formar quinteto

de vento, cuarteto de corda, quinteto de metais...entón os conxuntos soen ser moitas veces de instrumento de vento e piano, conxunto de piano, conxunto de frautas, gaita e violoncello, conxunto de gaitas, etc.

9. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Ao longo do curso, nas reunións do departamento, o profesorado revisará de forma continua o grao de cumprimento da programación, así como os resultados académicos do alumnado, tendo en conta tanto os obxectivos e contidos propostos, como as características individuais de cada un dos alumnos/as e conxuntas dos grupos: avaliación inicial, atención nas clases, tempo dedicado ao instrumento e ensaios, condicións, talento, capacidades, etc.

O profesorado informará aos alumnos/as e aos seus pais e nais do grao de cumprimento dos mínimos esixidos, dos criterios cos que van ser avaliados e da súa evolución.

Ademais, para un bo desenvolvemento das titorías e unha atención individualizada, intentarase manter un contacto continuo co resto dos departamentos para ter unha visión global do desenvolvemento de cada alumno/a e grupo.

Polo tanto, o seguimento e avaliación das programacións será rexistrado por cada docente e tratado nas reunións periódicas do departamento, quedando constancia na acta daquelas desviacións e modificacións acordadas. Estes aspectos, así coma calquera outra idea ou proposta de mellora será incluída na memoria final do departamento, xa que servirán de base para a elaboración da programación didáctica do vindeiro curso.

Dende o Departamento de Conxunto para avaliar a nosa programación didáctica teremos en conta os seguintes aspectos:

- Obxectivos: adecuación ás necesidades específicas do alumnado e do Proxecto Educativo do Centro.
- Contidos: validez na súa elección con respecto aos obxectivos indicados e adecuación ao nivel do alumnado.
- Actividades: atención á diversidade das capacidades e adecuación aos intereses do alumnado e aos seus ritmos de aprendizaxe.

- Criterios metodolóxicos: adecuación e coherencia dos mesmos.
- Os medios e recursos: avaliación dos criterios para a elección dos medios e recursos didácticos e a súa adecuación aos obxectivos propostos.
- A avaliación: idoneidade e a adecuación entre criterios de avaliación, técnicas e procedementos; entre os criterios de avaliación, contidos e obxectivos; e correlación entre os criterios de avaliación, os mínimos exixibles e os criterios de cualificación.
- Alumnado: relación co alumnado, ademais do clima de convivencia e traballo.

10. PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

As reunións do departamento son o foro onde se realizará de forma permanente, a avaliación interna das estratexias metodolóxicas do departamento, valorando o grao de cumprimento da programación, os resultados académicos, os resultados artísticos, etc.

Será misión do profesorado realizar a análise dos datos obtidos tras a avaliación do alumnado e da programación didáctica para realizar as diferentes adaptacións ou adecuacións das estratexias metodolóxicas co fin de mellorar os resultados acadados. Na memoria final do Departamento de Conxunto farase constar todos os aspectos ou acordos relevantes a este respecto, e a ter en conta de cara ao curso seguinte.

Todo iso, tendo en conta a idiosincrasia propia do instrumento, así como a individualidade de cada un dos alumnos/as: o seu grao de compromiso co estudo, facultades, talento, esforzo, interese no estudo do instrumento, realización de ensaios, etc.

Comentaranse regularmente as audicións realizadas polos alumnos, os resultados globais de cada avaliación e calquera cuestión que os membros do departamento ou do resto do profesorado do centro consideren oportuna.

Ademais, nas reunións do departamento trataranse outros aspectos como os recursos materiais e persoais dos que dispón o propio departamento ou o centro para ofrecer unha ensinanza de calidade.

11. PROBAS DE ACCESO A 2º, 3º e 4º de GRAO PROFESIONAL

Esta proba de acceso constará de dúas partes:

- a) **Proba de lectura a primeira vista** de pezas ou fragmentos correspondentes ao nivel técnico do curso.
- b) **Proba de interpretación:** O alumnado interpretará a primeira voz ou principal dunha pequena peza ou movemento dunha obra de conxunto do repertorio correspondente á súa especialidade instrumental e ao nivel do curso anterior ao que aspira.

Contidos

Os contidos serán os mesmos que os indicados nesta programación correspondentes ao curso inmediatamente anterior ao que se pretende acceder.

Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación serán os mesmos que os indicados nesta programación correspondentes ao curso inmediatamente anterior ao que se pretende acceder.

Criterios de cualificación

1) Proba de lectura a primeira vista: Lectura correcta e fluída das notas da partitura. Afinación estable e equilibrada durante a lectura. Exactitude na interpretación do ritmo, tempo, dinámica, e articulación adecuada. O valor desta proba será dun **30%** sobre a nota final.

2) Proba de Interpretación: Interpretación correcta das notas, afinación, ritmo e tempo. Control da sonoridade e das indicacións de dinámica e agónica tanto a nivel individual coma dentro da agrupación.

Interpretación acorde co estilo propio da época e características axeitadas (articulación, fraseo, vibrato, etc.). O valor desta proba será do **70%** sobre a nota final.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente.

12. CRITERIOS PARA A OBTENCIÓN DOS PREMIOS FIN DE GRAO

Segundo a Orde do 10 de marzo de 2009, polo que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honra e premio de fin de grao nas ensinanzas de música e danza, o premio fin de grao concederáse ao alumnado que cumpra os dous seguintes requisitos:

- Rematar os estudos profesionais de música cunha cualificación media de 8, polo menos, no último curso.
- Superar a proba anual correspondente ao final do curso, que deberá ser de carácter práctico e será valorada por un tribunal constituído para tal fin. Os criterios valorativos para a obtención do premio fin de grao establecidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro son comúns para todas as especialidades.

13. RÚBRICAS DE AVALIACIÓN

- Rúbrica de avaliación ordinaria.

	Puntuación								
Criterios	0	2	4	5	6	7	8	9	10
Traballo de interpretación individual 40%	0	0,8	1,6	2	2,4	2,8	3,2	3,6	4
Traballo de interpretación en grupo 50%	0	1	2	2,5	3	3,5	4	4,5	5
Coñecementos teóricos 10%	0	0,2	0,4	0,5	0,6	0,7	0,8	0,9	1
NOTA									

- Rúbrica para avaliación puntual (no caso que a avaliación continua non sexa posible ou para a ampliación de matrícula).

	Puntuación								
Criterios	0	2	4	5	6	7	8	9	10
Coñecementos teóricos 20%	0	0,4	0,8	1	1,2	1,4	1,6	1,8	2
Interpretación individual 30%	0	0,8	1,2	1,5	1,8	2,1	2,4	2,7	3
Interpretación dentro da agrupación 50%	0	1	2	2,5	3	3,5	4	4,5	5
NOTA									

- Rúbrica extraordinaria de avaliación e probas de acceso a calquera curso de grao profesional

	Puntuación								
Criterios	0	2	4	5	6	7	8	9	10
Coñecementos teóricos 20%	0	0,4	0,8	1	1,2	1,4	1,6	1,8	2
Lectura a 1ª vista 30%	0	0,6	1,2	1,5	1,8	2,1	2,4	2,7	3
Interpretación 50%	0	1	2	2,5	3	3,5	4	4,5	5
NOTA									

- Rúbrica de avaliación para probas de acceso a outros cursos de Grao Profesional

	Puntuación								
Criterios	0	2	4	5	6	7	8	9	10
Lectura a 1ª vista 30%	0	0,6	1,2	1,5	1,8	2,1	2,4	2,7	3
Interpretación 70%	0	1,4	2,8	3,5	4,2	4,9	5,6	6,3	7
NOTA									

